



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-7

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

30 de Marzo de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:02

Hora de Finalización

10:23

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 22.03.2023 (ACTA 2023/6)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. PROXECTO DA OBRA CHAMADA "ASFALTADO NA RUA OS CARBOEIROS" OBRA DE EXECUCIÓN POLA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE, ACORDOS QUE PROCEDAN.

A seguir dase conta aos presentes do proxecto técnico da obra chamada "**Asfaltado na rúa Os Carboeiros**", de data **marzo de 2023**, que redactou a arquitecta **Cristina Sabariz Rúa**, colexiada núm. 2963 do COAG e que conta cun orzamento base de licitación de **48.000,00 euros**; e cun prazo de execución de **3 meses**.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto técnico que se dixo, da obra chamada "**Asfaltado na rúa Os Carboeiros**", de data **marzo de 2023**, que redactou o arquitecta **Cristina Sabariz Rúa**, colexiada núm. 2963 do COAG, e que conta cun orzamento base de licitación de **48.000,00 euros**; e cun prazo de execución de **3 meses**, nos termos nos que se atopa redactado.

SEGUNDO. Nomear director facultativo da obra á redactora do devandito proxecto técnico; a arquitecto **Cristina Sabariz Rúa**, colexiada núm. 2963 do COAG; e coordinador de seguridade e saúde das mesmas a **Cristina Sabariz Rúa**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

TERCEIRO. Facer constar expresamente que a obra non incorre en alteración, ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e que constitúe unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente e, en todo caso, constitúe unha obra susceptible de aproveitamento independente no sentido do uso xeral.

CUARTO. Facer constar expresamente que a actuación prevista é conforme coa normativa urbanística e sectorial de aplicación e que o concello dispón de tódalas autorizacións necesarias para a súa execución.

QUINTO. Poñer a disposición da Deputación Provincial dos terreos precisos para levar a cabo a actuación prevista.

SEXTO. Comprometerse a asumir as indemnizacións a que puideran ter dereito o contratista das obras no caso de que estas non puidesen ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos e disposición da Deputación ou da obtención das autorizacións pertinentes para a súa execución.

SÉTIMO. Expoñer ao público o proxecto a efectos de reclamacións por posibles interesados.

3º. PRESENTACION DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTE AO ANO 2023. SOLCITUDE DE FINANCIAMENTO A CONSELLERIA COMPETENTE

A continuación o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes do **Decreto 99/2012**, do 16 de marzo, (modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu funcionamento, no que se determina o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente, neste caso, ao exercicio **2022**, así como para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais correspondente, neste caso, ao exercicioano **2023**.

Seguidamente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presente, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Política Social e Xuventude ó abeiro do Decreto 148/2014, as seguintes **axudas**, para o exercicio **2023**:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|-------------------|
| Axuda no fogar - Prestación básica (Deputación Ourense) | 7.629,50 |
| Axuda no fogar - Dependencia (Xunta) | 232.254,00 |
| Programa de Emerxencia Social | 2.800,00 |
| TOTAL | 242.683,50 |





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

SEGUNDO. Comprometerse a **consignar no presuposto municipal** para o exercicio de **2023** as seguintes cantidades en concepto de aportacións do Concello ó funcionamento dos servizos sociais comunitarios a financiar a través do Plan concertado para o ano **2023**, segundo o seguinte:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|--|------------------|
| Axuda no fogar - Prestación básica (Copago + Concello) | 4.372,84 |
| Axuda no fogar - Dependencia (Copago + Concello) | 65.233,08 |
| Programa de Emerxencia Social | 1.200,00 |
| TOTAL | 70.805,92 |

TERCEIRO. Comprometerse e declarar ante a **Consellería de Política Social e Xuventude** da Xunta de Galicia, que os servizos de axuda a domicilio prestaranse durante o ano **2023** consonte coas disposicións da normativa reguladora e a documentación presentada, e a lo menos, nas mesmas condicións que no exercicio **2022**.
Consecuentemente a previsión orzamentaria é a seguinte:

| PRESTACIÓN BÁSICA | |
|--------------------------|------------------|
| Aportación Concello | 3.089,13 |
| Aportación Deputación | 7.629,50 |
| Copago estimado usuarios | 1.283,71 |
| TOTAL | 12.002,34 |

| DEPENDENCIA | |
|-----------------------------|-------------------|
| Aportación Concello | 19.820,08 |
| Aportación Deputación | 0,00 |
| Copago estimado usuarios | 45.413,00 |
| Aportación Xunta de Galicia | 232.254,00 |
| TOTAL | 297.487,08 |

| PROGRAMA DE EMERXENCIA SOCIAL | |
|-------------------------------|-----------------|
| Aportación Concello | 1.200,00 |
| Aportación Xunta de Galicia | 2.800,00 |
| TOTAL | 4.000,00 |

CUARTO. Facultar, de xeito expreso, ao Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que poida ser concedida.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

QUINTO. Dar traslado do presente acordo á devandita Consellería.

4º. RESOLUCION DO 28 DEFEBREIRO DO 2023 DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024.

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Resolución do 28 de febreiro de 2023** para a concesión directa das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, (**Plan Marco**) da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, publicada no DOG núm. 44, do 3 de marzo de 2023, así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar os proxectos das obras para as que se solicita subvención, a saber:

"Pavimentación de Travesía do Paseo e Rúa da Igrexa en Castrelo do Val, (Concello de Castrelo do Val)", de acordo có seguinte:

Documento técnico: Proxecto.

Autor: M^a Cristina Sabariz Rúa

Data: Marzo do 2023.

Orzamento base: 29.352,00 euros.

Orzamento total (IVE incluído): 35.515,92 euros

Actuacións contempladas: Pavimentación dos viais de referencia, en Castrelo do Val (no tramo comprendido entre as coordenadas que se sinalan no proxecto)

"Aglomerado asfáltico en Rúa O Carboeiro, en Castrelo do Val, (Concello de Castrelo do Val)", de acordo có seguinte:

Documento técnico: Proxecto.

Autor: M^a Cristina Sabariz Rúa

Data: Marzo do 2023.

Orzamento base: 15.606,00 euros.

Orzamento total (IVE incluído): 18.883,26 euros

Actuacións contempladas: aglomerado do vial de referencia, en Castrelo do Val (no tramo comprendido entre as coordenadas que se sinalan no proxecto)

Consecuentemente, recabar o regulamentario informe dos Servizos Técnicos municipais sobre os documentos técnicos que se veñen de aprobar e, de acordo có contido do mesmo, solicitar no seu caso as autorizacións sectoriais pertinentes para que chegado o momento a actuación poida ser regulamentariamente contratada e executada.

SEGUNDO. Solicitar á **participación** no Plan de mellora de Camiños rurais **2023-20243**, dos proxectos anteriormente mencionados; que segundo os datos obrantes na Secretaría os camiños sobre os que se solicita o plan de mellora son de **titularidade municipal** tendo o concello **dispoñibilidade dos terreos** necesarios para a normal execución das obras proxectadas.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

TERCEIRO. Que como queira que segundo consta na acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno o día 15 de xuño do 2019, procedeuse á elección e proclamación como **Alcalde-Presidente deste concello, de D. Vicente Gómez García**, con DNI núm. 34.720.275-G; facúltase de xeito expreso, ao mesmo para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

CUARTO. Comprometerse a **realizar a achega municipal** necesaria. Para este efecto, habilitaranse as aplicacións orzamentarias necesarias.

QUINTO. Acordar á **posta a disposición dos terreos** necesarios, libres de cargas e gravames, para levar a execución das obras incluídas no Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, da Consellería de Medio Rural; por ser de titularidade municipal

SEXTO. Trasladar o presente acordo á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

5º. ACORDO QUE PROCEDA SOBRE CONCERTACIÓN DE OPERACION DE TESOURERÍA PARA 2023.

Logo de contactar coas entidades nas que o Concello ten conta aberta sobre a súa disposición para concertar unha operación de tesourería no actual exercicio de 2023, con **data 22 de marzo de 2023** solicitouse á entidade **ABANCA** condicións para a concertación dunha **operación de tesourería, por importe de 390.000,00 euros**

En resposta á dita invitación, a entidade **ABANCA**; presentou a súa oferta de acordo có seguinte:

- Importe **390.000,00 euros**.
- Prazo: 12 meses.
- Tipo de interés: Euribor a 3 meses + 0,02. Interés mínimo 0%
- Comisión de no disponibilidad: 0,10 % anual
- Intereses de demora: 2,00 %
- Resto de comisións: 0%.

Tralo que a Xunta de Goberno, por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO. Aceptar e aprobar as condicións ofertadas pola entidade **ABANCA**, tal e como constan na súa proposición; e na súa consecuencia:

SEGUNDO. Concertar a operación de tesourería coa entidade **ABANCA** de acordo có seguinte:

- Importe **390.000,00 euros**.
- Prazo: 12 meses.
- Tipo de interés: Euribor a 3 meses + 0,02. Interés mínimo 0%
- Comisión de no disponibilidad: 0,10 % anual
- Intereses de demora: 2,00 %





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

- Resto de comisións: 0%.

Queda facultado o Sr. alcalde para a sinatura da oportuna póliza, coa intervención como fedatario do Secretario municipal.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á entidade **ABANCA**.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina connigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

